



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 31 DE MARZO DE 2023 (PLN/2023/2).

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE, que preside:	
D. Carlos Vieitez Fernández	Non adscrito
CONCELLEIROS:	
D. Ramón Tilve Castro	Non adscrito
D ^a María Estévez Barbeito	Non adscrita
D. Ángel Currás Pérez	Non adscrito
D ^a M ^a Dolores Balboa Lores	Non adscrita
D. Ramón Alfonso Piñeiro	Non adscrito
D. José Manuel Ásperez Montes	MI
D ^a Cristina Castro Pintos	MI
D. Alberto González Dopazo	MI
D. M ^a Pilar Prado González	MI
D ^a Estefania Silva Silva	MI
D ^a Ana Belén García Piñeiro	PSdeG-PSOE
D. Manuel Radio Oubiña	PSdeG-PSOE
CONCELLEIROS NON ASISTENTES:	
SECRETARIA:	
D ^a M ^a Teresa Escudero Barral	

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 31 de marzo de 2023, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

A) Parte resolutiva

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA E DATA 27 DE XANEIRO DE 2023.-

O Sr. alcalde-presidente pregúntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 27 de xaneiro de 2023.

Non formulando observacións a mesma, queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO. (EXP.:





Concello de Meaño

284/2023).-

Dada conta, polo Sr. alcalde-presidente, someramente, da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, cuxo tenor literal e o seguinte:

“Visto o MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 602.400,53 €, presentado con data 14-03-2023, nº 2022-E-RE-546 e carátula presentada con data 20-03-2023, nº 2023-E-RE-604, no que se inclúe a retirada do fibrocemento con amianto existente na cuberta (desamianto da cuberta).

Visto o informe de supervisión emitido, con data 17-03-2023, polo o facultativo técnico do Servizo de Cooperación da Deputación Provincial de Pontevedra, en relación co devandito proxecto, no que se conclúe:

“Á vista do anterior e revisada a documentación escrita e gráfica do proxecto de “MODIFICADO DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE MEJORA DE EFICIENCIA ENERGÉTICA Y ACONDICIONAMIENTO DE PABELLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, conforme ao establecido no artigo 136 do Regulamento da Lei de Contratos, conclúese que o mesmo contén todos os apartados esixidos no artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polo que, salvo vicios ocultos, considérase que cumpre co establecido nas normas contractuais, e, polo tanto, emítese INFORME DE SUPERVISIÓN FAVORABLE aos efectos da APROBACIÓN do referido proxecto.”

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal, con data 20-03-2022, no que se sinala “Comprobado el cumplimiento de la normativa urbanística vigente en este término municipal, emito informe FAVORABLE para la autorización de las obras pretendidas, no existiendo ninguna limitación para el uso previsto y contando con plena disponibilidad para su ejecución.”

A vista do que antecede, o sinalado na Cláusula Quinta do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIAL) e na base Décimo sétima, BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 e o informe-proposta da secretaria-interventora; esta Alcaldía proponlle á Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible, que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez lle propoña ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 602.400,53 €, presentado con data 14-03-2023, nº 2022-E-RE-546 e carátula presentada con data 20-03-2023, nº 2023-E-RE-604.





Concello de Meaño

2º.- *Que se proceda ao trazado previo do devandito proxecto, nos termos do artigo 236.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos dos Sector Pùblico.*

3º.- *Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro da Cláusula Quinta do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFCIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERAQCIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIAL), a modificación do mesmo, segundo o MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA EFCIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”; motivada pola inclusión da partida de retirada do fibrocemento con amianto existente na cuberta (desamianto da cuberta) no proxecto de referencia, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, co conseguinte incremento do custo da actuación, que ascende a 602.400,53 €, IVE incluído.*

4º.- *Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro da base Décimo sétima das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 a modificación do investimento subvencionado co MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN “MELLORA EFCIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 602.400,53 €.*

5º.- *Asumir o compromiso de financiamento por parte do Concello de Meaño, con cargo á aplicación orzamentaria 342.63201, o MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MELLORA EFCIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO non financiado ao ao abeiro do BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19 e das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023; que ascende a 151.999,81 €.*

6º.- *Facultar á Alcaldía para a aprobación e sinatura da ADDENDA ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFCIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERAQCIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIAL) que se derive da modificación do Convenio solicitada.*

7º.- *Autorizar o gasto e a tramitación do contrato das obras definidas no “MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MELLORA EFCIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, con carácter anticipado; quedando sometida a adxudicación destas obras á condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade do crédito que ha de financiar o contrato.”*

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con sete abstencións (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI e do grupo Municipal do PSdeG-PSOE) e seis votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos), aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, acorda:

1º.- **Aprobar o MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO**





Concello de Meaño

INVESTIMENTO “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 602.400,53 €, presentado con data 14-03-2023, nº 2022-E-RE-546 e carátula presentada con data 20-03-2023, nº 2023-E-RE-604.

2º.- Que se proceda ao trazado previo do devandito proxecto, nos termos do artigo 236.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos dos Sector Público.

3º.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro da Cláusula Quinta do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERAÇÃO POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIAL), a modificación do mesmo, segundo o MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”; motivada pola inclusión da partida de retirada do fibrocemento con amianto existente na cuberta (desamianto da cuberta) no proxecto de referencia, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, co conseguinte incremento do custo da actuación, que ascende a 602.400,53 €, IVE incluído.

4º.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro da base Décimo sétima das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023 a modificación do investimento subvencionado co MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, redactado polo arquitecto D. Jesús Vieito Pino, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 602.400,53 €.

5º.- Asumir o compromiso de financiamento por parte do Concello de Meaño, con cargo á aplicación orzamentaria 342.63201, o MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO non financiado ao ao abeiro do BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19 e das BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023; que ascende a 151.999,81 €.

6º.- Facultar á Alcaldía para a aprobación e sinatura da ADDENDA ao CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE





Concello de Meaño

INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERAÇÃO POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIAL) que se derive da modificación do Convenio solicitada.

7º.- Autorizar o gasto e a tramitación do contrato das obras definidas no “MODIFICADO DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA E ACONDICIONAMENTO DE PAVILLÓN DE DEPORTES DE MEAÑO”, con carácter anticipado; quedando sometida a adxudicación destas obras á condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade do crédito que ha de financiar o contrato.

3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO PROXECTO TÉCNICO DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN E MELLORA DOS VESTIARIOS DO ALMACÉN MUNICIPAL. AUTORIZACIÓN DE GASTO E EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN CON CARÁCTER ANTICIPADO. (EXP: 294/2023).-

Dada conta, polo Sr. alcalde-presidente, someramente, da proposta formulada pola Alcaldía a Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e desenvolvemento sostible, cuxo tenor literal e o seguinte:

“Con data 02-03-2023, N.º de rexistro de entrada 2023-E-RC-926, recíbese neste Concello requirimento da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, no que se denuncian, entre outros, o seguinte feito infractor:

“1º) Los trabajadores de obras y servicios deberán disponer de ASEOS, DUCHAS, Y VESTUARIOS en condiciones de higiene.”

O arquitecto municipal D. Antonio Vázquez Rosales, con data 21-03-2023, subscribe o PROXECTO TÉCNICO DE OBRAS PARA AMPLIACIÓN E MELLORA DOS VESTIARIOS DO ALMACÉN MUNICIPAL, que conta cun orzamento base de licitación que ascende a 148.560,43 €.

No Orzamento 2022 inicial e prorrogado ao exercicio 2023 no está previsto o devandito investimento nin existe crédito para a execución do mesmo.

O artigo 231 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que “1. En los términos previstos en esta Ley, la adjudicación de un contrato de obras requerirá la previa elaboración, supervisión, aprobación y replanteo del correspondiente proyecto que definirá con precisión el objeto del contrato. La aprobación del proyecto corresponderá al órgano de contratación salvo que tal competencia esté específicamente atribuida a otro órgano por una norma jurídica.”

De conformidade co disposto no artigo 22.2.ñ) e 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, correspondéndolle ao Pleno da Corporación, por maioría simple e previo informe da correspondente Comisión Informativa correspondente, “La aprobación de los proyectos de obras y servicios, cuando sea competente para su contratación o concesión, y cuando aún ni estén previstos en los presupuestos”. Así mesmo, correspondélle ao Pleno da Corporación, ao abeiro do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o recoñecemento extraxudicial de créditos.





Concello de Meaño

A vista do que antecede e do informe-proposta emitido pola secretaria-interventora; esta Alcaldía proponlle á Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible que ditamine favorablemente este asunto e a súa vez proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Aprobar o “Proxecto técnico de obras de ampliación e mellora dos vestiarios do almacén municipal”, subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Vázquez Rosales con data 21-03-2023, cun orzamento base de licitación que ascende a 148.560,43 €.*

2º.- *Autorizar o gasto e a tramitación do contrato das obras definidas no “Proxecto técnico de obras de ampliación e mellora dos vestiarios do almacén municipal”, con carácter anticipado; quedando sometida a adxudicación destas obras á condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade do crédito que ha de financiar o contrato.”*

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros (concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal MI e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE), aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, acorda:

1º.- Aprobar o “Proxecto técnico de obras de ampliación e mellora dos vestiarios do almacén municipal”, subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Vázquez Rosales con data 21-03-2023, cun orzamento base de licitación que ascende a 148.560,43 €.

2º.- Autorizar o gasto e a tramitación do contrato das obras definidas no “Proxecto técnico de obras de ampliación e mellora dos vestiarios do almacén municipal”, con carácter anticipado; quedando sometida a adxudicación destas obras á condición suspensiva da efectiva dispoñibilidade do crédito que ha de financiar o contrato.

4º.- APROBACIÓN DEFINITIVA, SI PROCEDE, DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN, TANATORIO DE MEAÑO (EXP.: 594/2019).-

Dada conta, polo Sr. alcalde-presidente, someramente, da proposta formulada pola Alcaldía á Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, cuxo tenor literal e o seguinte:

“Visto o expediente que se tramita neste Concello, a instancias de San Mauro Velatorios SL, baixo o n.º 594/2019 para a aprobación do “Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño”.

Con data 20/01/2020, recibese Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Exp. 219AAE2348), pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao Plan Especial de infraestruturas e dotacións para Tanatorio no Concello de Meaño, promovido por San Mauro Velatorios S.L, e no que se resolve “... non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o Plan especial de infraestruturas e dotacións, tanatorio de Meaño”, que foi publicado no DOG n.º 21 de 31/01/2020.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de data 12 de abril de 2021 aprobou inicialmente





Concello de Meaño

o Plan Especial de Infraestruturas e dotacións “Tanatorio de Meaño”, publicándose anuncio no DOG n.º 104 de 4 de xuño de 2021 sobre a aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións Tanatorio de Meaño, así como no Faro de Vigo de 2 de xuño de 2021. Así mesmo con posterioridade á aprobación inicial do Plan Especial solicitáronse os informes sectoriais previstos no Anexo II do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Suelo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local de Meaño en sesión extraordinaria de 16/02/2022 aprobou provisionalmente o “Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño””, visto o seu contido, os informes sectoriais que obran no expediente, e o previsto na Lei 2/2016 do Suelo de Galicia e o Decreto 143/2016 polo se aproba o seu regulamento, **infórmase favorablemente** a aprobación provisional do “Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño””.

O expediente foi remitido ao órgano competente en materia de urbanismo para o seu informe preceptivo. Con data 22/09/2022 recíbese no rexistro do Concello de Meaño informe favorable previo á aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións asinado o 21/09/2022 pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, condicionado ao cumprimento das consideracións e prescricións sinaladas nos puntos 4,5 e 6 do apartado II do mesmo.

O 14/03/2023 San Mauro Velatorios SL presenta na sede electrónica o documento para aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño”, redactado polo arquitecto D. Mauro Lomba Martínez, asinado o 14-03-2023.

O citado documento conta co informe favorable do arquitecto municipal emitido o 21/03/2023 segundo o cal:

“...Revisada a última documentación achegada en reposta á esixencia municipal do 8-3-2023, resólvense as cuestións requeridas.

Á vista da documentación presentada, enetendo que a integridade documental do expediente é correcta, que a calidade técnica da xestión proxectada é suficiente e que o Plan se axusta á lexislación vixente.”

A vista o que antecede e do informe favorable a aprobación definitiva, emitido conxuntamente, pola Secretaria- Interventora e a Técnico de xestión; esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar definitivamente, ao abeiro do artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do suelo de Galicia en concordancia co artigo 186.1.f) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia, o documento para aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño”, promovido por S. Mauro Velatorios, S.L., redactado polo arquitecto D. Mauro Lomba Martínez, asinado o 14-03-2023 e presentado na sede electrónica do Concello de Meaño con data 14-03-2023, n.º de rexistro 2023-E-RE-544, e que incorpora as modificacións resultantes do condicionado imposto no informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda previo á aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións, asinado o 21/09/2022 pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Segundo.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, no prazo dun mes desde a súa adopción, e o documento que contén a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, de conformidade co establecido nos artigos 186.4 RLSG en relación cos artigos 82 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia e 199 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia

Terceiro.- Notificar o presente acordo individualmente aos titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles notificou a aprobación inicial en cumprimento do establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia de conformidade co previsto no artigo 186.4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia.





Concello de Meaño

Cuarto.-Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia comunicación do acordo de aprobación definitiva, así como un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, do instrumento de plan aprobado definitivamente, para a súa inscrición no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia, no prazo dun mes desde a data de aprobación definitiva, de conformidade co previsto no artigo 186.4 RLSG en relación cos artigos 88 LSG e 208 a 215 RLSG.

Quinto.- Levantar a suspensión de licenzas na área afectada polo Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño”, establecida mediante acordo da Xunta de Goberno local, adoptado en sesión ordinaria de data 12 de abril de 2021.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros (concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal MI e do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE), aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente, ao abeiro do artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do suelo de Galicia en concordancia co artigo 186.1.f) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia, o documento para aprobación definitiva do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño”, promovido por S. Mauro Velatorios, S.L., redactado polo arquitecto D. Mauro Lomba Martínez, asinado o 14-03-2023 e presentado na sede electrónica do Concello de Meaño con data 14-03-2023, nº. de rexistro 2023-E-RE-544, e que incorpora as modificacións resultantes do condicionado imposto no informe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda previo á aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións, asinado o 21/09/2022 pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

2º.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, no prazo dun mes desde a súa adopción, e o documento que contén a normativa e ordenanzas no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, de conformidade co establecido nos artigos 186.4 RLSG en relación cos artigos 82 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia e 199 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia

3º.- Notificar o presente acordo individualmente aos titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles notificou a aprobación inicial en cumprimento do establecido no artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia de conformidade co previsto no artigo 186.4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Suelo de Galicia.

4º.- Remitir á Consellería competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia comunicación do acordo de aprobación definitiva, así como un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, do instrumento de plan aprobado definitivamente, para a súa inscrición no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia, no prazo dun mes desde a data de





Concello de Meaño

aprobación definitiva, de conformidade co previsto no artigo 186.4 RLSG en relación cos artigos 88 LSG e 208 a 215 RLSG.

5º.- Levantar a suspensión de licenzas na área afectada polo Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións “Tanatorio de Meaño”, establecida mediante acordo da Xunta de Goberno local, adoptado en sesión ordinaria de data 12 de abril de 2021.

5º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERIDA Á LIMPEZA DA ENSENADA DA CHANCA. (EXP.: 313/2023).-

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra á voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, a Sra. García Piñeiro quen pasa a dar lectura do texto da moción presentada por este grupo, con data 18-03-2023, n.º 2023-E-RE-597, referida á limpeza da enseada da Chanca:

*“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través da súa voceira, Ana Belén García Piñeiro, e ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, refirida á limpeza da Enseada da Chanca.***

O entorno do Complexo Intermareal Umia – O Grove – A Lanzada, no que se atopa o Concello de Meaño, é un gran atractivo turístico natural. Concretamente, a ruta do Padre Sarmiento percorre o noso litoral. Pero o seu estado non está nas mellores condicións, atopándose nas súas augas rodas, restos de plásticos domésticos, ramas de árbores, chegadas dos temporais que sufrimos durante o inverno, restos de cerámica procedentes das antigas telleiras, e moitos tipos de refugallos máis.

A enseada da Chanca atópase nun sitio privilexiado, posto que este espazo natural está catalogado como zona especial de conservación (ZEC) que destaca polas colonias de aves como a pílara cincenta, o mazarico rabipinto, o cullereiro ou a gabita.

Actualmente existen moitas Comunidades Autónomas que están a explotar o turismo ornitolóxico, deixando un gran impacto económico nos municipios pertencentes á Rede Natura 2000.

Así, por exemplo, o pasado mes de febreiro, a Comunidade Autónoma de Extremadura, convocou a súa 18ª edición da Feira Internacional do Turismo Ornitolóxico, onde reúne a máis de 100 expositores do sector turístico en Cáceres e onde recibe anualmente a máis de 16.000 visitantes, segundo datos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

Dos 71.6 millóns de turistas que visitaron España no ano 2022, un 26% visitaron áreas naturais. Máis do 90% procedían de países europeos como Alemaña, Reino Unido, Francia e Países Baixos. O turismo de natureza ten un elevado potencial no noso país, por estar desligado da estacionalización, ademais de ser un factor dinamizador do entorno rural ao xerar actividade turística, hoteleira e hostaleira.

A inqueda polo estado da enseada da Chanca non se rexe só polo impacto económico





Concello de Meaño

que poida traer ao municipio un aumento do turismo, senón que tamén se suman factores medioambientais e sanitarios.

No ano 2014 publicouse un estudio de Microchemical Journal elaborado por investigadores da Universidade de Vigo e do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, onde se informaba que na Ría de Arousa existía unha contaminación moi severa de cobre, chumbo e arsénico na marxe sur da ría, onde se atopa o noso municipio.

No seu momento, a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) fíxose eco desta noticia e suxeriu que, ao tratarse dunha zona vitivinícola, a orixe desta contaminación podería estar nos tratamentos fungicidas e outros plagicidas dos viñedos. A contaminación de chumbo é máis difícil de explicar, pero podería derivar da queima de combustibles fósiles.

Este feito preocupou moito na nosa agrupación, presentando unha moción no pleno de outubro do ano 2015 e aprobándose por unanimidade dos seus membros. A día de hoxe, a Xunta segue a facer oídos xordos deste acordo.

É innegable que a limpeza da Ría de Arousa é necesaria para a mellora da calidade da nosa saúde, pero ademais é necesaria para fortalecer a actividade económica do noso concello.

Por todo elo, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte. ACORDO:

- *Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar, que proceda á limpeza e depuración da Ensenada da Chanca.”*

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros (concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal MI e do grupo Municipal do PSdeG-PSOE), aceptando o ditame-proposta da Comisión Informativa Permanente de Infraestruturas, Urbanismo e Desenvolvemento Sostible, acorda:

Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar, que proceda á limpeza e depuración da Ensenada da Chanca.

6º.- TOMA DE RAZÓN E EXECUCIÓN DA SENTENZA 00338/2022 DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 1 DE PONTEVEDRA DERIVADO DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DE CONDICIÓNS LABORAIS 000509/2022. MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ANEXO DE PERSOAL. (EXP.: 868/2022).-

Dada conta, polo Sr. alcalde-presidente, da proposta de acordo contido no informe emitido pola secretaria-interventora, con data 22-03-2023 en relación con este asunto, cuxo tenor literal e o seguinte:

“INFORME SECRETARIA-INTERVENCIÓN





Concello de Meaño

ASUNTO: EXECUCIÓN DA SENTENZA 00338/2022 DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 1 DE PONTEVEDRA DERIVADO DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL DE CONDICIÓN LABORAIS 000509/2022.

EXPEDIENTE: 868/2022

Antecedentes:

1º.- O maxistrado xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, con data 20 de outubro de 2022, dita sentenza n.º 00338/2022, en relación co procedemento 0000509/2022 de modificación substancial de condicións laborais, da que é demandante D^a Evangelina Veá Espiña.

2º.- A devandita sentenza ven a fallar:

“Que, estimando parcialmente a demanda de D^a EVANGELINA VEA ESPIÑA contra el CONCELO DE MEAÑO, debo declarar y declaro injustificada por defecto formal la medida impugnada de modificación sustancial de condiciones de trabajo de la demandante reconociendo e derecho de la demandante a ser repuesta en sus anteriores condiciones de trabajo ejerciendo su contrato laboral que precisa que la jornada de trabajo será de 24 horas SEMANALES lo que representa un 60% respecto de la jornada habitual de LA EMPRESA que es de 40 horas semanales o la legalmente prevista en AYUNTAMIENTOS, y ello con los efectos que resulten correspondientes incluidos los económicos.

Notifíquese esta resolución a las partes y hágaseles saber que contra la misma no cabe recurso.”

3º.- Con data 07-12-2022, N.º de rexistro de entrada 2022-E-RC-5199, D^a Evangelina Veá Espiña, a vista do fallo contido na Sentenza,

“SUPLICA, que a efectos informativos y para una adecuada toma de decisión en el asunto que nos ocupa, se remita a esta parte por la Intervención-Secretaría del Concello de Meaño, un Certificado de Haberes en el que:

- Se determinen los honorarios mensuales de Evangelina Veá españa para el caso de que trabaje el 60 por 100 de Jornada sobre una base de 40 horas semanales (24 horas de servicio)

- Se determinen los honorarios mensuales de Evangelina Veá Espiña para el caso de que trabaje el 60 por 100 de Jornada sobre una base de 37,5 horas semanales (22,5 horas de servicios)”

“OTROSI DIGO PRIMERO, esta petición se realiza dejando a salvo, siempre, el derecho de la operaria a trabajar 3 días a la semana (Miércoles, Jueves y Viernes) tal y como se viene deviene de los usos y costumbres que también son condiciones laborales desde 1992.”

4º.- Mediante oficio da Alcaldía con data 17-01-2023, N.º rexistro de saída 2023-S-RE-24, dase traslado do informe conxunto elaborado pola técnica de persoal e a secretaria-interventora.

5º.- Con data 25-01-2023, N.º de rexistro de entrada 2023-E-RC-350, D^a Evangelina Veá Espiña, presenta escrito de manifestacións, polo que:

* Acepta, traballar 22,5 horas á semana, que son o 60% da xornada semanal establecida para os operarios municipais en 37,5 horas semanais.

* Solicita que se estableza un horario de traballo continuado de 8:00 a 15:30 horas os mércores, xoves e venres de cada semana.

6º.- Nos Anexos de Persoal, nos que se relaciona e se valoran economicamente os postos de traballo existentes na Corporación de xeito que se de a oportuna correlación cos créditos para persoal incluídos no orzamento, aprobados conxuntamente co Orzamento Municipal 2022 e anteriores figura o posto de “APARELLADORA (TP 19 horas/semanais)”.





Concello de Meaño

7º.- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 29 de xullo de 2022, previa tramitación do correspondente expediente, acordou aprobar con carácter definitivo o Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Meaño, que foi publicada no BOPP n.º 160, de data 23-08-2022, figura:.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO, ESCALA, CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 pagas) 2022	PROV	R.N	TITULACIÓN*	PERFIL LINGÜÍSTICO/ FORMACIÓN ESPECÍFICA*	ADM.	OBSERVACIÓNS
02. DEPARTAMENTO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS												
02.01. UNIDADE TÉCNICA												
02.01.00.02	ARQUITECTO/ A TÉCNICO	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	22	3825	C	U.E	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación de grao en Enxeñaría de Edificación Celga 4	A.L.	XORNADA A TEMPO PARCIAL

No informe de aclaracións RPT Meaño, elaborado pola empresa redactora do documento GALIVALIA CONSULTGO SL, sinalase:

“.../... aos postos contemplados na RPT a xornada parcial se lles aplicou a seguinte porcentaxe de xornada:

CÓDIGO	POSTO	Xornadas parciais
02.01.00.02	ARQUITECTO/A TÉCNICO	0,50

Polo que, o devandito documento establece para o posto de Arquitecto técnico unha xornada parcial do 50% (referenciado á xornada tempo completo de 37,5 horas semanais):

Lexislación aplicable:

- Artigo 118 da Constitución Española
- Artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial
- Artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Artigo 168.1.c) e 169, puntos 3 e 4 do artigo 173 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Fundamentos legais:

Primeiro.- Segundo establece o artigo 118 da Constitución Española “*Es obligado cumplir las sentencias y demás resoluciones firmes de los Jueces y Tribunales, así como prestar la colaboración requerida por éstos en el curso del proceso y en la ejecución de lo resuelto.*”

Segundo.- Pola súa parte o artigo 17.2 da lei Orgánica do Poder Xudicial, establece que “*2. Las Administraciones Públicas, las autoridades y funcionarios, las corporaciones y todas las entidades públicas y privadas, y los particulares, respetarán y, en su caso, cumplirán las sentencias y las demás resoluciones judiciales que hayan ganado firmeza o sean ejecutables de acuerdo con las leyes.*”

Terceiro.- Segundo determinan os puntos 3 e 4 do artigo 173 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de





Concello de Meaño

marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

“3. El cumplimiento de las resoluciones judiciales que determinen obligaciones a cargo de las entidades locales o de sus organismos autónomos corresponderá exclusivamente a aquéllas, sin perjuicio de las facultades de suspensión o inexecución de sentencias previstas en las leyes.

4. La Autoridad administrativa encargada de la ejecución acordará el pago en la forma y con los límites del respectivo presupuesto. Si para el pago fuere necesario un crédito extraordinario o un suplemento de crédito, deberá solicitarse del Pleno uno u otro dentro de los tres meses siguientes al día de notificación de la resolución judicial.”

Cuarto.- Segundo establece o punto 1 do artigo 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, *“Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través del Presupuesto, la plantilla, que deberá comprender todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios, persoal laboral y eventual.”*

Quinto.- Engadindo o punto 2 deste artigo que *“Las Corporaciones locales formaran la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.”*

A este respecto o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia sinala

“1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nelas.

2. A relación de postos de traballo, logo do cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.”

Sexto.- O órgano competente para a aprobación dos devanditos documentos, ao abeiro do artigo 22.2.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A visto do que antecede, pode concluírse:

1.- Que o Concello está obrigado ao cumprimento da devandita sentenza.

2.- A traballadora acepta, unha xornada de 22 horas e media á semana, que son o 60% da xornada de 37 horas e media de traballo efectivo regulado na Resolución de 28 de febreiro, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos e habitual no Concello de Meaño; non entrando a considerar por parte de quen subscribe este informe os días e horarios de prestación desta xornada.

3.- Este cambio de xornada determina unha modificación no Estado de Gastos do Orzamento Municipal e no



Concello de Meaño

Anexo de Persoal, aprobado definitivamente conxuntamente co Orzamento Municipal 2022 en vigor, polo Pleno da Corporación en sesión de data 7 de xullo de 2022. Así mesmo determina unha modificación Relación de Postos de Traballo do Concello, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, en sesión de data 29 de xullo de 2022.

As devanditas modificacións deberán tramitarse segundo se sinala no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co período de exposición da tramitación que procedemento que establece o máis amplo.

Polo que antecede, de conformidade co establecido no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e o artigo 173 en concordancia co artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que subscribe eleva a seguinte proposta de acordo co ditame da Comisión Especial:

1º.- Tomar coñecemento do fallo contido na Sentenza n.º 00338/2022, ditada polo Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, con data 20 de outubro de 2022, en relación co procedemento 0000509/2022, acatandoa e levando a efecto o en ela acordado.

2º.- En consonancia co anterior repoñer a D^a Evangelina Vea Espiña a xornada laboral en 22 horas e media semanais, que representa o 60% da xornada de 37 horas e media de traballo efectivo regulado na Resolución de 28 de febreiro, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos e habitual no Concello de Meaño, coa reposición dos dereitos económicos e sociais que resulten. Os días e horario en que se desenvolverá esta xornada será determinado polo xefe de persoal, no ámbito da súa competencia de dirección do goberno e administración e de organización dos servizos administrativos.

3º.- Aprobar inicialmente a modificación da Relación de postos de Traballo do Concello de Meaño, quedando como segue, no exercicio 2023:

PT CONCELLO DE MEAÑO												
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO. ESCALA. CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 pagas) 2023	PROV	R.N	TITULACIÓN*	PERFIL LINGÜÍSTICO/ FORMACIÓN ESPECÍFICA*	ADM.	OBSERVACIÓNS
02. DEPARTAMENTO DE URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS												
02.01. UNIDADE TÉCNICA												
02.01.00.02	ARQUITECTO/ A TÉCNICO	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	22	4.774,00	C	U.E	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión da titulación do Grao en Enxeñería de Edificación. Celga 4	A.L.	XORNADA A TEMPO PARCIAL 22 horas e media semanais, que representa o 60% da xornada de 37 horas e media





Concello de Meaño

4º.- Aprobar inicialmente a modificación o Anexo de Persoal do Concello de Meaño, quedando como segue, no exercicio 2023:

“APARELLADORA (TP 22 horas e media /semanais)

